

## LIBROS VIVINTES



IDENTIDADE + MEMORIA +  
CERCA + FERRAS + VOTOS  
**SUMA**  
ÁGORA

Non por afeita ás violencias,  
cotiás e moi diferentes, cada  
unha delas deixaba de mancar  
no meu ser. A última agresión  
abrirá para min un abismo, un  
dilema diante do cal tocaba  
decidir: ou estar en Laura, seguir  
adiante e avanzar por min mesma  
ou ocultar a Laura e voltar a Xoán,  
retroceder, negarme para os demais.

Naquel pub recibíronme calores amigas,  
músicas de liberdade, conversas para  
reventar o medo e a dor.  
- Levo un par de semanas pensando  
en saír de aquí, Antón.  
Despois da agresión do outro día  
non estou ben, ando cun radar ás costas  
que non me deixa ser feliz.  
Preciso aire, Compostela estame a ferir  
por dentro...

**Non por afeita ás violencias,  
cotiás e moi diferentes, cada  
unha delas deixaba de mancar  
no meu ser. A última agresión  
abrirá para min un abismo, un  
dilema diante do cal tocaba  
decidir: ou estar en Laura, seguir  
adiante e avanzar por min mesma  
ou ocultar a Laura e voltar a Xoán,  
retroceder, negarme para os demais.**

**Naquel pub recibíronme calores amigas,  
músicas de liberdade, conversas para  
reventar o medo e a dor.  
- Levo un par de semanas pensando  
en saír de aquí, Antón.  
Despois da agresión do outro día  
non estou ben, ando cun radar ás costas  
que non me deixa ser feliz.  
Preciso aire, Compostela estame a ferir  
por dentro...**



Aquela noite de xoves decidín ir até a zona vella compartir un grolo na compañía de quen dera en chamar “@s que saben escoitar”. Polo camiño, da casa cara o Avante, fun batendo con varias das consultas polas que, desde moi nova, fora pasando para “normalizar” a miña identidade. Patoloxizada. Medicada. Marcada socialmente.

Non por afeita ás violencias, cotiás e moi diferentes, cada unha delas deixaba de mancar no meu ser. A última agresión abrirá para min un abismo, un dilema diante do cal tocaba decidir: ou estar en Laura, seguir adelante e avanzar por min mesma ou ocultar a Laura e voltar a Xoán, retroceder, negarme para os demais.

Naquel pub recibíronme calores amigas, músicas de liberdade, conversas para reventar o medo e a dor.

- Levo un par de semanas pensando en saír de aquí, Antón. Despois da agresión do outro día non estou ben, ando cun radar ás costas que non me deixa ser feliz. Preciso aire, Compostela estame a ferir por dentro...

Antón asentía, escoitaba. Achegouse á barra e pediulle a Xaquín que puxera aquela canción de Los Berrones que sabía me facía ben. Comezou a soar e démonos un abrazo longo, deses que estreitan por fóra e enchoupan por dentro. Na vida temos varias familias, todas e cada unha delas importantes. A consanguínea das, ás veces, chantaxes afectivas, e a outra, a dos afectos construídos.

Ultimamente pasaba máis tempo na compañía de Antón, Xaquín e Raquel que con aqueles cos que compartía ADN. Tratábase, en parte, de non queimar etapas sen xeito. Quería respectar os procesos de cadaquén, e que cada persoa importante para min puidese vivir a miña mudanza cos tempos precisos para afrontar as cousas.

- Loitar é o único que podes facer, non é? -Antón era moi amable e un rapaz de consignas- Non estás soa, sábelo. Na nosa febleza está a forza dos demais, e non lles imos dar ese gusto. De feito xa estou pensando nun título que ha de dar forma á túa historia, nuns anos: "*Compostela amada, Compostela armada, Compostela conquistada*". Non me digas que non soa ben!

Rimos a ocorrencia mentres comezamos un dos nosos debates habituais. A identidade, o binomio home-muller, o heteropatriarcado... todos aqueles termos de tantos e tantos artigos que devorabamos coma se fosen patacas frixidas. Íanos a vida neles.

- Xa estades teorizando no canto de bailar...!

Sempre que nos poñiamos elevad@s chegaba Raquel para rachar o momento. Desta volta entrou no pub borboriñando unha das letras de Tam Tam Go:

*Cuando llegó era un niño delicado  
no quería mancharse  
jugando en el descampado  
era un tipo legal,  
un amigo, un aliado  
Había vivido arrogante  
aquel error inocente  
llevar en cuerpo de hombre  
una mujer en su mente  
él un hombre tranquilo  
ella una dama valiente  
oh; Manuel Raquel*

- Non o ides crer! Estou tan emocionada que para vir até aquí en vez de coller o 11 metinme nun taxi e dixen ben alto: Ao Cantón de San Bieito, é urxente!
- E para que está o móbil, daquela?
- Hahahaha, non me valía. Quería ver as vosas caras de sorpresa... Comezo, primeira pista: Universidade de Sussex!
- Como non avances algo máis...
- Vale, vale, está ben... xa o conto eu. Nesa universidade inglesa acaban de instalar baños para homes, mulleres e transexuais!!!

Ollamos incrédulos para Raquel e fixémoslle repetir até en varias ocasións os pormenores da nova.

- Isto ben merece un brindel! -dixen tentando parecer animada-. Esteamos de acordo ou non, cando menos abre a espita para abordar as violencias diarias menos evidentes. Moita xente non se decata do agresivo que resulta ir ao baño cando non te recoñeces na escolla das dúas portas.

Ramón, o cantante asturiano de Los Berrones volveu retumbar na miña cabeza. *Nun yeeeeeees tu...*

*Trabayes nun taburdiu  
llamente travesti  
pa to padre tas perdiu  
ye lo k la gente diz  
Tovia lleres tan piquiñu  
como el corchu un garrafón  
quieres mas los cocinetes  
que dir a xugar`l balon  
nun xugavas a los medicus  
como el to primo bacón  
en toda la parroquia llamabas la atención*  
***nun yes tu nun yes nun yes tu k vas a ser***  
*presumis de ser buen muzu y ahora yes una mujer  
nun yes tu nun yes nun yes tu k vas a ser*

Falamos dese e doutros temas, conspirando cómplices no desexo dunha realidade diferente. A noite estaba a piques de rematar e cadaquén tiña que coller un camiño distinto de volta á casa. Xaquín, detrás da barra, fixo esmorecer as luces e recolocou no mostrador algunhas follas voandeiras de Arelas, de Maribolher@s Precari@s, de TransGaliza e doutros colectivos varios de loita política e social. Gustábame aquel sitio por iso, porque nel atopaba xuntas as voces das vítimas –diversas, pouco relacionadas entre si e porén irmás- da dominación. Dunha dominación que era preciso combater para garantir o noso dereito, e o de todas as persoas, a unha vida digna. Antón, antes de marchar, lembrounos que nun par de días habería unha conferencia de Beatriz Preciado no cámpus. Encantábanme as súas teses e propostas. Quedamos de vernos nela e Raquel e máis eu fomos camiñando paseniño, até as Casas Reais.

- Estas Queer Avengers son unha pasada!

- Xa me dixeches o outro día, mais non caio en quen son...

- Si ho, un grupiño de xente moza da Coruña, dun instituto de secundaria. Están moi activas nas redes sociais e dan que falar... O tema *queer* está moi de actualidade.

As palabras de Raquel esparexíanse pola noite e voaban xa lonxe de onde eu estaba, ensimesmada, termando do mastro do meu futuro, máis convencida ca nunca. Había anos que Laura xurdira en min, e xa pasara moitas vivencias no proceso de chegar a ser quen quería ser, quen sentía ser. Sorrín con determinación, desde os ollos, e deille a Raquel un abrazo de boas noites. Unha tempestade de emocións golpeábame por dentro, para ben, mentres pisaba as pedras molladas da

rúa de San Pedro e me repetía unha e outra vez, en silencio, firme, case obsesivamente:

**Hei de vencer, hei de vivir, hei de ser Laura.**

